

INSTRUCCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Estas instrucións teñen por obxecto facilitar o cumprimento das normas referidas ao procedemento de xestión das prácticas académicas externas incluídas no Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade de Vigo (en adiante, Regulamento) aprobado por Consello de Goberno o 29 de Abril do 2021 e modificada o 23 de novembro do 2023, e de conformidade co establecido no artigo 6 da Lei 39/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público.

1. RESPONSABILIDADE:

No uso das competencias que a Disposición adicional primeira do devandito regulamento establece, facúltase á Vicerreitoría de Estudiantado e Empregabilidade, como responsable das prácticas externas.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Sempre que se cumpran os requisitos das persoas solicitantes (véxase Art. 8 do Regulamento), para que un/unha estudante poida realizar prácticas académicas externas, ten que estar matriculado/a nalgunha titulación oficial ou, de ser o caso, nun título propio da Universidade de Vigo, durante o período de duración do título no que teña a matrícula en vigor. O alumnado que realice o depósito do título, independentemente que administrativamente conste matriculado na UVigo, non poderá facer prácticas vencelladas a esa titulación desde ese momento.

3. CONVENIOS DE COOPERACIÓN EDUCATIVA.

Para que un/unha estudante poida comezar as súas prácticas académicas externas, tanto curriculares como extracurriculares, é necesario que exista un Convenio de Cooperación Educativa vixente. Os Convenios de Cooperación Educativa deberán ser promovidos pola Universidade de Vigo (Área de Emprego e Emprendemento -AEE-), Coordinadores/as de Prácticas ou pola Fundación Universidade de Vigo (en adiante FUVI).

Segundo corresponda, pola natureza das prácticas, será necesario utilizar algún dos catro modelos que aparecen publicados na [web da AEE](#).

No caso de que a entidade colaboradora propoña un modelo propio de convenio, este deberá ser tramitado pola AEE da Universidade de Vigo como convenio específico (véxase Art. 11 do Regulamento).

Na medida do posible, e para asegurar a realización da práctica na data desexada, os Convenios deberán tramitarse cunha antelación mínima de dúas semanas antes do inicio das mesmas (tanto curriculares como extracurriculares). No caso de convenios que non se axusten aos modelos existentes ou se a entidade colaboradora é de carácter público necesitaranse polo menos 6 meses.

4. XESTIÓN DAS PRÁCTICAS CURRICULARES

No caso das prácticas curriculares, a formalización e xestión das prácticas realizarase a través da aplicación de prácticas curriculares que está a dispor das persoas coordinadoras de prácticas da cada centro/titulación para este fin, así como do PTXAS de apoio a esta xestión.

O procedemento e prazos a seguir atópanse descritos na [web sa AEE](#).

5. XESTIÓN DAS PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES

A xestión de prácticas externas extracurriculares realizarase pola FUVI, segundo encargo realizado para tal efecto pola Universidade de Vigo. O procedemento de xestión de prácticas extracurriculares establécese nos seguintes termos:

- Realizaranse convocatorias públicas nas que se indicarán as ofertas de prácticas realizadas polas entidades colaboradoras. Co obxectivo de favorecer a realización das mesmas, o estudiantado

Área de Emprego
e Emprendemento

CSV : GEN-441d-26c2-10e5-0257-03d6-7b43-5438-2a4b

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 10/02/2025 12:20 | NOTAS : F



poderá promover a súa propia práctica nunha empresa ou entidade.

- A preselección das candidaturas será realizada pola FUVI co obxecto de supervisar o cumprimento dos requisitos para a realización de prácticas establecidos pola normativa da UVigo.
- A selección final da candidatura elixida para a realización da práctica corresponderalle á entidade colaboradora.
- Cada centro nomeará, para cada unha das titulacións impartidas, unha persoa responsable de prácticas externas extracurriculares que se encargará de asignar as titorías ao estudiantado que realice as prácticas externas extracurriculares.
- As cuestións académicas das prácticas externas competen ao Centro Académico onde o/a estudante cursa os seus estudos de grao ou á Comisión Académica en caso de estudos de mestrado.

6. DURACIÓN DAS PRÁCTICAS.

- A duración total de prácticas nunha mesma entidade colaboradora ou entidades pertencentes ao mesmo grupo empresarial, sexan curriculares ou extracurriculares, non poderá exceder as 750 horas (30 créditos ECTS) ao longo da titulación, sexa ou non de forma interrompida, agás as prácticas das titulacións profesionalizantes reguladas.
- No caso de titulacións de grao, un/unha estudante non poderá realizar prácticas extracurriculares nun mesmo curso académico (ano escolar) máis do 50 % dos ECTS asignados ao último curso académico. Por exemplo, nunha titulación con 60 ECTS asignados ao último curso só se poderían realizar 30 ECTS (750 horas a 25 h./crédito).
- Durante a realización das prácticas externas o estudiantado poderá asistir á realización dos exames da titulación na que estea matriculado. As ausencias ás prácticas deberían estar notificadas no momento da formalización da práctica, ou, de non ser posible, en canto se teña coñecemento.

7. REMUNERACIÓN ECONÓMICA.

- No momento de formalizar cada práctica, sexa curricular ou extracurricular, débese indicar a existencia ou non de algún tipo de axuda, sempre respectando a normativa da UVigo.
- A remuneración económica por parte dunha entidade colaboradora será opcional para as prácticas extracurriculares que non superen as 264 horas, ou no caso de que se desenvolvan en organismos públicos e entidades sen ánimo de lucro, que non poderán exceder as 528 horas. Para o cómputo, tanto da duración mínima como máxima, das prácticas extracurriculares terase en conta o posible período xa realizado como prácticas curriculares no mesmo curso académico.
- Nos casos de que así se acorde coa entidade colaboradora, ou sempre que a práctica supere as 264 horas, o importe da bolsa para xornadas completas (40h semanais) será de 850 €/mes brutos. Nos casos dunha xornada inferior, a dotación será proporcional en función do número de horas realizadas.
- No caso de prácticas extracurriculares no estranxeiro a dotación será proporcional ao Salario Mínimo Interprofesional no país onde teña lugar o período de prácticas, en función do número de horas realizadas. No caso de que no país de destino non estea establecido un SMI, a dotación calcularase conforme o establecido nos apartados anteriores para as prácticas nacionais. As prácticas realizadas ao abeiro de programas de intercambio onde xa se contemple a concesión de axudas ao estudante con carácter de bolsa, rexerase polo establecido na mesma.

8. PRÁCTICAS CURRICULARES EN LIÑA

- Segundo o artigo 3.4 do regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade de Vigo, estas poderán realizarse preferentemente de forma presencial, aínda que se terá en conta a posibilidade de que se fagan en liña ou de forma presencial.
- No caso de que as prácticas se realicen en liña e non sexan remuneradas, os días efectivos de prácticas computaranse como segue:

Área de Emprego
e Emprendemento



CSV : GEN-441d-26c2-10e5-0257-03d6-7b43-5438-2a4b

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 10/02/2025 12:20 | NOTAS : F

- Se a xornada acordada é igual ou inferior a 25 horas semanais, asumiranse como días efectivos de prácticas 3 días por semana e polo menos 3 horas/día.
- Se a xornada acordada supera as 25 horas semanais, poderase sinalar ata un máximo de 5 días por semana.

9. CUMPLIMENTO DAS OBRIGAS DA SEGURIDADE SOCIAL.

- De forma xeral, tanto nos casos de prácticas remuneradas como de prácticas extracurriculares, e de acordo coa disposición adicional quincuaxésima segunda do Real Decreto 2/23, do 16 de marzo e coa propia normativa da UVIGO, a responsabilidade da inclusión no sistema de Seguridade Social do estudiantado será da empresa, institución ou entidade na que se desenvolvan as prácticas ou, no caso de programas específicos, das entidades que financien ou xestionen o programa de formación.
- No caso de prácticas no estranxeiro e de prácticas curriculares non remuneradas, a Universidade de Vigo asumirá as obrigas ante a Seguridade Social.

10. DOCUMENTACIÓN DE FORMALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS.

Os documentos elaborados a efectos de formalización, modificación, rescisión e avaliación das prácticas externas, e que estarán publicados a título informativo na [web da AEE](#), son os que seguen:

- Anexo 0. Oferta da práctica
- Anexo I. Condicións da práctica
- Anexo II. Declaración responsable da entidade colaboradora
- Anexo III. Compromiso do/a estudante
- Anexo IV. Informe final do/a tutor/a na entidade colaboradora
- Anexo V. Informe final do/a tutor/a na universidade
- Anexo VI. Informe final do/a estudante
- Anexo VII. Solicitud de modificación da práctica
- Anexo VIII. Solicitud de rescisión/interrupción da práctica
- Anexo IX. Certificado de tutorización da empresa
- Anexo X. Certificado de realización das prácticas externas

Previo o inicio da práctica será necesario descargar desde a aplicación a documentación que as formalice e, en todos os casos, os Anexos I, II e III e subilos á aplicación. O Anexo II non será exigible as entidades públicas. Os Anexos IV, V e VI, de ser cubertos a través do enlace que lles chega as persoas implicadas mediante correo electrónico, non necesitan sinatura. Todos os Anexos requiren da sinatura das partes implicadas (de ser o caso, tutores/as académicos, tutores/as das entidades e estudantes).

Área de Emprego
e Emprendemento



CSV : GEN-441d-26c2-10e5-0257-03d6-7b43-5438-2a4b

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 10/02/2025 12:20 | NOTAS : F